

Resolución do 31 de xullo de 2026, da Vicerreitoría de Profesorado, pola que se declara inhábil o mes de agosto para os efectos do cómputo de prazos correspondentes a actuación das comisións de selección dos concursos de acceso para os corpos docentes universitarios e de selección de persoal docente laboral

O desenvolvemento dos procesos selectivos convocados no ano 2026 pola Universidade da Coruña, correspondentes aos concursos de acceso para os corpos docentes universitarios e de selección de persoal docente laboral, esixe o cumprimento por parte das comisións de selección, dos prazos que están establecidos na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno do 07/11/2024.

Dadas as dificultades que supón o cumprimento dos referidos prazos durante o mes de agosto,

Esta vicerreitoría resolve declarar inhábil o dito mes para os efectos do cómputo dos prazos correspondentes a actuación das comisións de selección dos concursos de acceso para os corpos docentes universitarios e de selección de persoal docente laboral, convocados no ano 2026 pola universidade.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer, segundo o caso, recurso perante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa

Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante este Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 31 de xullo de 2026

P.D. do reitor (R.R do 10.07.2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández